



RESUMO DOS ACORDOS TOMADOS NA XUNTA DE GOBERNO DO 03.03.2026

A Xunta de Goberno, na súa última sesión do 03.03.2026, tomou os seguintes acordos:

1. **Convocatoria de xunta xeral ordinaria (1ª/2026).** Acordouse convocar a xunta xeral ordinaria (1ª/2026) para o vindeiro 30.03.2026, ás 12.30 h, no salón de actos do ICA Santiago, coa seguinte orde do día:
 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
 2. Recensión do decano respecto dos acontecementos máis importantes durante o 2025.
 3. Exame e votación da conta xeral de gastos e ingresos do exercicio anterior.
 4. Aprobación, se procede, do novo regulamento da quenda de oficio do ICA Santiago.
 5. Propositions.
 6. Peticións e preguntas.

Proximamente remitirase por circular a convocatoria xunto coa copia da documentación dos asuntos da orde do día.

2. **Altas, baixas e cambios no censo de colexiación.** Tramitáronse e aprobáronse 3 baixas de colexiados/as non exercentes; 2 baixa de colexiados exercentes (1 por falecemento e outra por xubilación).
3. **Informes de honorarios.** Tramitáronse e aprobáronse 70 informes de honorarios para taxacións de custas: 65 de materia bancaria e 5 sobre outras materias. Coa emisión destes 70 informes atendemos as solicitudes recibidas no mes de decembro de 2025. No que vai de 2026 levamos realizados e aprobados 322 informes de honorarios.
4. **Desprazamentos dos letrados/as da quenda dos partidos xudiciais ao Xulgado de Violencia de Xénero de Santiago.** Logo de realizar a consulta ante a Dirección Xeral de Xustiza (DXX) respecto de como se aboarán os desprazamentos dos letrados/as da quenda de violencia de xénero dos partidos xudiciais cando teñan que asistir vítimas no Xulgado de Violencia de Xénero de Santiago de Compostela, a DXX comunicounos que, mentres os desprazamentos non se recollan no baremos da quenda de oficio, os letrados/as poderán facer uso (igual que a vítima) do convenio que a DXX ten subscrito coa Fegataxi (federación de taxistas).

Proximamente remitiremos por circular unha copia do devandito convenio xunto co protocolo para solicitar o taxi.

5. **Dilixencias de información previa e expedientes disciplinarios.** Acordouse o arquivo de dous expedientes de dilixencias de información previa (núm. 43/2025 e outro trasladado polo ICA da Coruña). Tomouse recibo do aboamento dunha multa por falta grave no expediente disciplinario 3/2025.



CIRCULAR INFORMATIVA 5/2026



ILUSTRE COLEXIO
DA AVOGACÍA DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA
SAÍDA Nº: 202600081
DATA: 04/03/2026 12:05
PÁXINA 2 DE 2

6. **Regulamento da quenda de oficio.** Aprobáronse as modificacións introducidas no borrador do novo regulamento da quenda de oficio do ICA Santiago, propostas pola Comisión da Quenda de Oficio deste colexio e en atención ás alegacións presentadas por algúns colexiados/as.

Así mesmo, acordouse presentar o dito borrador á próxima xunta xeral para que, se procede, sexa aprobado definitivamente.

O texto íntegro deste borrador será remitido xunto coa convocatoria da xunta xeral.